

Xacemento do Pendón de Santa Mariña

050067

Datos de Localización

Castro

Nomenclator: 3207702
Coord. UTM: X: 60253005
Y: 466555760
Concello: Sandiás
Parroquia: PIÑEIRA DE ARCOS
Lugar: Piñeira de Arcos
Tipoloxía: Xacementos Arqueolóxicos
Tipo: Castros
Subtipo: Castro



Denominación: Xacemento do Pendón de Santa Mariña

Etaqa Histórica: Idade do Ferro

Estilo relevante Indeterminado

Outros Estilos:

Descrición:

Para chegar ata ó castro, dende o pobo de Piñeira de Arcos hai que coller a pista que leva ata a capela de Santa Mariña. O castro é o outeiro que se atopa ó sur da mencionada capela.

O Pendón de Santa Mariña está asentado sobre un espolón en sentido N-S en contacto coa chaira da depresión da Limia, moi cerca da antiga beira da Lagoa da Antela. Ten unha ampla visibilidade cara o Norte e cara o Leste sobre a chaira da Limia e o val de Allariz. Conta cun único recinto superior (croá) en sentido N-S que presenta forma ovalada. Nos sectores W-N-E non precisa de defensas artificiais, xa que conta con grandes escarpes, grande altura e uns penedos prominentes. Polo sector sur, onde se une á dorsal, conta con dobre foxo en sentido W-E seguido dun terraplén e unha muralla pétreá duns 10 metros de altura.

Rivas Quintas facía no seu día esta descrición do Pendón de Santa Mariña: "O castro aproveitou eiquí o enfesto do terreo. Polo suroeste e pordosol pódense aínda apreciar dúas fochancas e valadón intermedio, estremando o recinto castreño do monte que rube pras Cantariñas. No curuto é caixeque chaira. Polo nordeste as defensas son naturás, de enfesta caeira. Vese en superficie cerámica e tégula". Na actualidade conta cunha mesta vexetación, aínda así pódese apreciar en superficie algún resto de cerámica.

O castro está atravesado por unha liña de baixa tensión.

En varios afloramentos rochosos da croá pódense apreciar numerosas cazoletas. Algúns destes afloramentos están parcialmente fracturados debido a accións antrópicas. Destaca unha rocha irregular de grandes proporcións que conta con alomenos 13 cazoletas, ten adosada outra peneda de proporcións moi inferiores onde tamén son visibles tres exemplares. Probablemente o número sexa maior en ambos casos, pero non é doada a apreciación debido á densa capa de brión e liques que cubre os afloramentos.

DOCUMENTACIÓN:

-Ficha do inventario de xacementos arqueolóxicos da Xunta de Galicia. Clave de identificación: GA32077013

-Ficha do catálogo do planeamento urbanístico do concello de Sandiás. Clave de identificación: GA32077013/13

BIBLIOGRAFÍA:

-RIVAS QUINTAS, E.: *A Limia: Val da Antela e Val do Medo*, ed. Atlántico, Deputación Provincial de Ourense, 1985,

p. 104.

Características Construtivas

Plantas:

Edif. Anexas:

Mat. Fachada:

Mat. Estrutura:

Mat. Cuberta:

Elementos singulare

Construtivos:

Decorativos:

Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Area de Protección: 200m.

Protección

Tipo de ben: Inventariado

Proposta de tipo de ben:

Estado de Tramitación: Declarado

Nivel de Protección Arq.: ----

Proposta Nivel de Protección Arq. ----

Grao de Protección Arq.: Grupo II

Proposta Grao de Protección Arq.

Xustificación da Protección:

Titularidade

Polígono:

Parcela:

Conservación-Intervención

Estado de Conservació Regular

Uso Actual: Forestal

Alteracións Morfolóxicas

Tipo: O xacemento atópase pouco alterado. Afectado parcialmente por unha liña de baixa tensión e por labouras agrícola-forestais.

Data:

Sum.

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións:

Bens Mobles







